

Rogamos lean atentamente toda a información que se adxunta neste documento.

O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde (OMS) elevou a situación de emerxencia sanitaria a Pandemia Mundial pola expansión da COVID-19. As distintas administracións tiveron que tomar medidas drásticas e urxentes para a prevención e loita contra a rápida expansión da COVID-19

O contexto epidemiolóxico, sanitario e de saúde pública actual permite o inicio de normalización progresiva da actividade, que está sendo constantemente avaliada polo sistema sanitario de saúde pública para comprobar a súa efectividade e acompañarse da introdución doutras medidas específicas que se deberan manter máis alá da fase pandémica.

O acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020 (modificado por un do 25), sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, establece no punto 5 as previsións para os centros educativos co seguinte texto literal: “O retorno á actividade lectiva presencial dos centros docentes que imparten o ensino do artigo 3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, rexerase polas condicións sanitarias vixentes ao comezo do curso escolar 2021/22.”

Parello ao retorno do alumnado aos centros educativos, o Programa Concilia tamén retoma a súa actividade, con certas modificacións para adaptarse ao novo contexto sanitario que estamos vivindo.

O desenvolvemento da actividade sempre está ligada ao funcionamento dos centros educativos e á normativa sanitaria vixente en cada caso, e implica modificar a dinámica para cumprir coas normas sanitarias.

Co fin de manter as condicións óptimas para os/as nenos/as e os/as profesionais, o número de prazas limitarase, aínda que se, as condicións sanitarias o permitisen, poderían ampliarse ao longo do curso.

É importante asinar todas as follas da solicitude xunto co resto da documentación (solicitude e autorizacións, follas **da 3 á 6**).

O prazo de matrícula será do 3 ao 16 de decembro, e non se admitirán matrículas fóra desas datas.

As prazas dispoñibles son **75 no CEIP Fogar** (49 con almorzo e 26 sen almorzo) e **9 no CEIP Bergantiños** (5 con almorzo e 4 sen almorzo). Este curso, por razóns sanitarias, non haberá opción de matrículas por días soltos para usuarios/as ocasionais.

A adxudicación farase por puntuación e publicárase na páxina web do Concello de Carballo (www.carballo.gal) o **22 de decembro**.

Asdo.: M^a Carmen Ures García
Concelleira de Igualdade, Sanidade e Benestar

**SOLICITUDE DE PRAZA NO PROGRAMA CONCILIA
CURSO 2021-2022**

DATOS DO / A ALUMNO / A

Nome e apelidos		Data de nacemento	
Enderezo		Número	Piso
Municipio	Código Postal	Teléfono	Nº asistencia sanitaria
Nome do /a pai /nai ou titor /a legal			DNI

DATOS DO PROGRAMA “CONCILIA”

Centro escolar		
Horario de entrada		
<input type="checkbox"/> 7:00 <input type="checkbox"/> 7:15 <input type="checkbox"/> 7:30 <input type="checkbox"/> 7:45 <input type="checkbox"/> 8:00 <input type="checkbox"/> 8:15 <input type="checkbox"/> 8:30 <input type="checkbox"/> 8:45 <input type="checkbox"/> 9:00		
Curso 2021-2022		
<input type="checkbox"/> 4ºE.I <input type="checkbox"/> 5ºE.I <input type="checkbox"/> 6ºE.I <input type="checkbox"/> 1ºE.P <input type="checkbox"/> 2ºE.P <input type="checkbox"/> 3ºE.P <input type="checkbox"/> 4º E.P <input type="checkbox"/> 5ºE.P <input type="checkbox"/> 6ºE.P		
Almorzo	Curso completo	
<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	
Intolerancias alimentarias		

- **DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA COA SOLICITUDE:**

- FOTOCOPIA DO LIBRO DE FAMILIA (todas as páxinas) ou CERTIFICADO DE NACIMENTO
- FOTOCOPIA DO DNI DO/A SOLICITANTE (Pai/nai/titor/a)
- FOTOCOPIA DA TARXETA SANITARIA DA/O ALUMNA/O
- VOLANTE DE EMPADROAMENTO E CONVIVENCIA (**se non reside en Carballo**)
- SOLICITUDE ASINADA
- NÓMINAS DOS ÚLTIMOS TRES MESES (de todos os membros computables da unidade familiar) SE SOLICITA BONIFICACION
- SENTENCIA DE SEPARACIÓN, DIVORCIO OU XUSTIFICANTE DE VIUVEZ (de ser o caso)
- TÍTULO DE FAMILIA NUMEROSA (de ser o caso)
- CERTIFICADO DE MONOPARENTALIDADE (de ser o caso)
- NUMERO DE IBAN DA CONTA BANCARIA PARA DOMICILIACION
- AUTORIZACION SANITARIA COVID-19
- CERTIFICADO DE EMPRESA DE HORARIO LABORAL DO PAI E NAI (ESPECIFICANDO HORARIO E IMPOSIBILIDADE DE TELETRABALLAR)

A REDUCIÓN DE COTAS VALORARASE POSTERIORMENTE, NO MES DE XANEIRO, CANDO SE APROBE A ADMISIÓN NO PROGRAMA, AÍNDA QUE A DOCUMENTACIÓN TERÁ QUE SER PRESENTADA NO MOMENTO DA SOLICITUDE DE MATRÍCULA

Sinatura da/o solicitante

NORMAS DE FUNCIONAMENTO

1. As portas da escola estarán abertas a partires das 7:00. **As entradas faranse cada 15 minutos segundo a solicitude, estes horarios non serán modificables.** As familias non poderán acceder ao centro, senón que serán os/as monitores/as do seu grupo os/as que recollan as/os nenas/os na porta. Co acceso gradual evitamos cruces de familias.
2. As máscaras e xeles hidroalcólicos formarán parte da rutina diaria. As máscaras deberán estar debidamente identificadas e con reposo na mochila.
3. Calquera nota, aviso ou recado que se lle teña que dar ao profesorado terá que vir por escrito nunha bolsa atada na mochila de cada rapaz/a. Cada neno/a debe ser responsable de entregarlle o papel ao docente, excepto os/as máis pequenos/as (nenos/as de 3 anos), cos/as que se procederá do mesmo xeito, pero ademais avisarase á monitora para quea última hora lles faga o acordo aos nenos/nenas.
4. Os libros ou materiais serán transportados polos/as nenos/as ou seus pais/nais, nunca polos monitores/as. O seu traballo é o coidado e, logo nas filas, a vixilancia das/os nenas/os.
5. Os pagos deben facerse **POR DOMICILIACIÓN BANCARIA do 1 ao 5 de cada mes**, por cuestións contables que así o esixen. No caso de devolución do recibo, o solicitante farase responsable dos custos e procederase á baixa do/a usuario/a.
6. Un dos obxectivos do Concilia é fomentar a autonomía dos/as nenos/as, polo tanto pegamos aos pais/nais que non se lles saquen a chaqueta nin a mochila.
7. Sempre deben facilitarse teléfonos de contacto que estean dispoñibles, xa que pode haber unha urxencia e ser preciso localizar a algún familiar.
8. As baixas no servizo comunicaranse por escrito ao Concello de Carballo. **No caso de que un/ha neno/anon acuda ao servizo durante un mes sen aviso á supervisora será dado/a de baixa** no Concilia e procederase ao cobro da mensualidade correspondente.
9. As inscricións para as pontes e os períodos vacacionais só se recollerán nos prazos establecidos; fóra deles non se aceptarán solicitudes. Nestes casos o prezo do servizo será de 8,24€ por día. O numero de prazas é limitado e a adxudicación farase por rigorosa orde de solicitude.
- 10. Queda totalmente prohibido o acceso das familias as instalacións dos colexios. Na entrada haberá un control sanitario para os/as nenos/as.**
11. No programa “Concilia” non se administran medicamentos a ningún neno/a.

Carballo a de de 2021

Asdo.:



PROTOCOLO DE ACTUACIÓN CONCILIA 21/22 –COVID-19

- Establecemento de grupos de traballo estables-burbulla, intentando reducir o contacto entre os/as nenos/as. Máximo 15 persoas por grupo, levándose a cabo unha desinfección do material empregado entre cada actividade.
- Desinfección diaria das instalacións empregadas o rematar as actividades, ademais de que cada nena/o deberá avisar o monitor correspondente para facer uso dos aseos, desinfectándose despois de cada uso.
- No acceso as actividades e nas áreas comúns, será obrigatorio o uso da máscara, procurándose manter unha distancia mínima interpersoal de 1,5 metros.
- Todos os días antes de empezar a actividade, e preferentemente antes de abandonar o domicilio, deberán medirse a temperatura e no caso de ser superior os 37°C, avisar ao coordinador e non acudir á escola.
- Realizáranse tarefas de ventilación periódica nos espazos utilizados, e como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire.
- Poranse a disposición dos/as participantes xeles hidroalcolicos e papeleiras, e recoméndase que a roupa usada se lave a 60º para garantir a desinfección da mesma.

Carballo a de de 2021

Asdo.:



Queridas familias

Dende o servizo Concilia queremos solicitar a vosa autorización para poder facer uso das imaxes fotográficas ou de vídeo que se fagan dos vosos/as fillos/as nas actividades levadas a cabo dentro do programa.

Estas imaxes serán empregadas unicamente para ilustrar o servizo de Concilia na documentación interna, dentro da páxina web do Concello ou da empresa A Billarda S.L.. De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de Decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle de que os datos persoais que nos facilite serán incorporados a un ficheiro titularidade de A Billarda, S.L. con CIF: B 27278845 domiciliada en C/ Pena do Rei, Nº 5, entrechán C.P. 27002 (Lugo), que cumpre coas medidas de seguridade esixidas no Real Decreto 1720/2007 de 21 de decembro, e cuxa finalidade é a xestión e control de clientes.

D/D^a.....
con DNI..... pai, nai ou titor/a legal de
..... dá a súa autorización para:

- A realización de fotografías durante a estancia do/a neno/a nas actividades, para o uso exclusivo na páxina web do Concello de Carballo e da empresa A Billarda S.L.
- Non dou o meu consentimento

Como pai, nai ou titor legal do neno/a, poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos do seu fillo/a, comunicándollo por escrito ao CIM no seguinte enderezo: Praza Médico Eduardo Mariño s/n 15100 – CARBALLO (A CORUÑA).

En Carballo adede 2021

Asdo:



PROGRAMA CONCILIA CURSO 2021-2022

O **Programa Concilia** é unha medida promovida desde a Concellería de Igualdade e Benestar do Concello de Carballo para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral

En que consiste:

O programa desenvólvese durante o período escolar, e consiste en recoller ás nenas e aos nenos á primeira hora da mañá no seu centro escolar.

O obxectivo é responder ás necesidades familiares derivadas do desfase existente entre os horarios escolares e laborais, cubrindo a necesidade de atención antes do inicio das clases pola mañá con persoas debidamente cualificadas, así como ofrecer o servizo dun almorzo equilibrado.

Servizos que comprende:

Servizo de canguraxe: As monitoras atenden ao alumnado, garantindo hábitos de hixiene, e ademais realizando actividades de ocio e tempo libre.

Servizo de almorzo: é un servizo opcional para aqueles nenos/as que o soliciten.

Horarios do servizo:

O servizo préstase de luns a venres os días lectivos, dende as 7:00 ata a hora de incorporación ás clases en cada centro.

Tamén se ofrece servizo nos períodos vacacionais de Nadal, Entroido e Semana Santa, nas pontes e no inicio e ao remate do curso. Nestas datas o servizo ofrécese nos locais de **BONECOS (Lugar de Mirón nº 24 – Bértoa)** e o número de prazas será de 30.

Prezos

Usuarios **fixos**.-

Con utilización do servizo todos os días pagarán unha cota mensu.al de **30,42€** para o servizo de canguraxe e de **40,75€** no caso canguraxe e almorzo

Nos **períodos vacacionais** o prezo do servizo será de **8,24€** día.



BAREMO PARA O ACCESO AO PROGRAMA

A-Situación sociofamiliar:

Familia monoparental. 5 puntos

Familia numerosa: 2 ptos

Discapacidade dalgún membro da unidade familiar: 1 pto

B-Situación laboral familiar:

Incompatibilidade para a conciliación laboral-familiar : 5 ptos

Se un dos proxenitores pode teletraballar : 2 ptos

C-Situación económica:

Por renda per cápita mensual menor ou igual á pensión non contributiva: 7 ptos

Por renda per cápita mensual inferior ou igual ao 75% do IPREM: 6 ptos

Por renda per cápita mensual inferior ou igual ao 125% do IPREM: 5 ptos

Por renda per cápita mensual inferior ou igual ao 175% do IPREM: 4 ptos

Por renda per cápita maior ao 175% do IPREM: 3 ptos

D-Permanencia no programa:

Por permanencia do alumno/a no programa o curso anterior (todos os meses e días de duración do programa): 2 ptos

REDUCCIÓN APLICABLE:

De 19 puntos en diante: Redución do 50% das cotas

De 15 a 18 ptos: Redución do 30% das cotas

De 10 a 14 ptos: Redución do 15% das cotas

Menos de 10 ptos: Sen dereito a redución

O PRAZO DE MATRÍCULA SERÁ DO 3 AO 16 DE DECEMBRO DE 2021